

# FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO E COMPETICIÓN

## ACTA DE ACORDOS DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA

En formato online, a 28 de Marzo de 2026 ás 19:00 horas reúnen os trece dos vinte membros da Asamblea Xeral da Federación Galega de Baile Deportivo e de Competición para comezar o trámite electoral.

### Ordes do día

1. Información da composición da Comisión Xestora.
  2. Aprobación, se procede, do regulamento electoral.
  3. Aprobación, se procede, do calendario electoral.
  4. Autorización á presidenta da Federación para facer os cambios comunicados pola SXD.
  5. Elección da Xunta Electoral.
- 

1. Información da composición da Comisión Xestora.

Toma a palabra a Sra. Secretaria informando aos asistentes da composición da Comisión Xestora, informando que catro membros e catro suplentes foron elixidos pola Comisión delegada e os outro catro titulares e catro suplentes pola Xunta Directiva.

2. Lectura do regulamento electoral.

Toma a palabra a Sra. Secretaria, dando lectura aos principais aspectos do regulamento electoral, procedéndose a súa aprobación por unanimidade dos presentes.

3. Lectura do calendario electoral.

Toma a palabra a Sra. Secretaria, dando lectura ao calendario electoral, procedéndose a súa aprobación por unanimidade dos presentes.

4. Autorización á presidenta da Federación para facer os cambios comunicados pola SXD.

A Secretaria informa que isto é un propia recomendación da SXD, para que en caso de requerimento, simplificar o proceso o máximo posible.

5. Elección da Xunta Electoral.

Toma a palabra a Secretaria informando das persoas que se propuxeron para formar parte da Xunta Electoral. A súa composición é a seguinte:

1. Alberto Rosillo
2. Laura Lorenzo
3. M<sup>a</sup> Isable Argibay

Suplentes:

1. Magdalena Rodríguez
2. M<sup>a</sup> del Carmen Domínguez
3. M<sup>a</sup> Amalia González

E de non haber más puntos que tratar, dáse por finalizada esta Reunión Extraordinaria, ás 19.25 horas do día e lugar sinalados anteriormente.

Remítese o acordado á Secretaría Xeral do Deporte da Xunta e certifican a realidade dos acordos adoptados e o contido desta acta,

Vº Bº A Presidenta

Secretaria